



BASES QUE REXEN A PARTICIPACIÓN NO PROXECTO SEMENTE “Unha empresa na miña escola”

Base primeira: Definición do Proxecto

A Concellaría de Innovación, Industria, Emprego e Consumo do Concello da Coruña, dentro dos Programas de Difusión da Cultura Emprendedora, organiza unha nova edición do **Proxecto SEMENTE** no curso escolar **2019-2020**.

Co Proxecto Semente preténdese fomentar os valores de emprendemento e cooperación, e o coñecemento do comercio xusto e da economía social entre os nenos e nenas que cursan entre terceiro e sexto de Educación Primaria e alumnado de Educación Especial nos centros educativos da cidade da Coruña.

Cada grupo participante creará e xestionará unha empresa, baixo a forma dunha cooperativa. Para elo deberá simular a realización dos trámites que realiza calquera empresa real: elaborar os seus Estatutos, solicitar o CIF, nomear aos seus representantes, solicitar a licenza de venda e decidir o capital inicial e os produtos que venderán. Ademais deberá elaborar os produtos coa finalidade de vendelos para recuperar o capital investido e obter beneficios.

A realización do Proxecto Semente “Unha empresa na miña escola” coincidirá co curso académico e finalizará coa venda dos produtos de cada unha das cooperativas creadas nun Mercado Escolar que se realizará a finais do mes de maio ou principios de xuño.

O programa iníciase coa formación ao alumnado, na que se impartirán sesións teórico-prácticas sobre o que é unha empresa, a súa constitución e o desenvolvemento da actividade da mesma para a venda final no mercado dos produtos elaborados. Tamén se titoriza a elaboración dos produtos en cada un dos grupos.

SEMENTE proporciona, neste sentido, un contexto práctico no que se traballa de forma transversal algunhas das materias da escola, como son lingua española, lingua galega, matemáticas, coñecemento do medio, plástica, informática. Ao mesmo tempo, achégase ao mundo da empresa e as relacións laborais aos primeiros niveis educativos, favorecendo e desenvolvendo competencias e adquisición de coñecementos e hábitos vinculados á cultura emprendedora.

Base segunda: Obxectivos do Proxecto

Xeral

Promover a adquisición da competencia emprendedora, a través dun instrumento central: a creación e a xestión dunha cooperativa escolar de fabricación de produtos, que posteriormente venderán nun mercado. Para iso, o programa reproducirá situacións reais no proceso de constitución dunha empresa e as súas actividades.

Obxectivos Específicos

- Fomentar os valores de emprendemento e cooperación, nun contexto creativo e lúdico.
- Favorecer a autonomía persoal e a participación en diferentes contextos sociais.
- Impulsar o coñecemento do comercio xusto e da economía social nas escolas.



- Coñecer as normas básicas de funcionamento en grupo.
- Iniciar ao alumnado nos principios básicos de marketing, contabilidade, impostos...

Base terceira: Persoas destinatarias do Proxecto

As persoas beneficiarias de SEMENTE son o alumnado dos centros educativos colaboradores, que cursen estudos entre terceiro e sexto de primaria, e educación especial, con sede na nosa cidade, que manifesten o seu interese a través da solicitude para participar no proxecto.

Base cuarta: Participación no Proxecto

Para participar no proxecto, cada centro educativo deberá cursar a solicitude de inscrición a través da páxina web educativa: <http://www.coruna.gal/educacion/es/programas> (SEMENTE) no prazo establecido na dita páxina.

O límite de participación no proxecto será de 20 cooperativas, téndose en conta a orde de inscrición. No caso de recibir máis solicitudes das sinaladas anteriormente, os criterios de selección son:

1. Terán preferencia para participar os Centros Públicos e Centros de Educación Especial sen límite de cooperativas por centro escolar.
2. Nos restantes centros o máximo de cooperativas participantes será de dous por centro escolar.

Unha vez recibidas todas as solicitudes e con acordo dos centros interesados, fixaranse datas e horas de impartición dos contidos do programa, coordinándose cos centros colaboradores.

Todo o itinerario do Proxecto SEMENTE desenvólvese durante o curso escolar 2019-2020.

Base quinta: Desenvolvemento do Proxecto

1.- Formación

O programa consistirá na impartición de cinco módulos, por parte de docentes expertos en cooperativismo, sobre o que é unha cooperativa, a súa constitución e desenvolvemento da súa actividade, así como da venda dos produtos que se elaboren.

Para a elaboración dos produtos o alumnado recibirá outras catro clases de apoio. Desde os centros educativos e por parte do Concello incentivarase a calidade e variedade dos produtos que se presentarán no mercado e que serán elaborados polo alumnado das cooperativas.

Para alcanzar os obxectivos previstos e desenvolver o seu contido, o programa constará das seguintes fases a desenvolver desde o mes de outubro de 2019 ata finais de maio /principios xuño de 2020:



Fase I.- Formación do alumnado: 5 sesións de formación sobre cooperativismo e 4 sesións prácticas para a elaboración dos produtos (nas datas comprendidas entre outubro 2019 e abril 2020 en función da disposición do centro de ensino).

Fase II.- Celebración do Mercado (finais de maio /principios xuño).

Os horarios para as sesións de formación determinaranse coordinando a docencia propia dos centros e a do Concello.

2.- Actos do Proxecto Semente

- Solicitud e entrega de licenzas: no mes de abril.

As cooperativas participantes solicitarán e obterán a licenza de venda para o Mercado Semente nun acto protocolario que terá lugar no Salón de Plenos do Concello da Coruña, no que expoñerán as súas experiencias e o obxecto da cooperativa á que pertencen. O Concello poñerá a disposición dos centros educativos o transporte escolar necesario para o traslado das persoas participantes (un máximo de 6 representantes de cada cooperativa). Ademais por cada cooperativa deberá asistir, polo menos, un/unha docente responsable que se fará cargo do alumnado.

- Celebración do Mercado Semente: finais de maio /principios xuño.

As cooperativas participarán no Mercado Semente, no que realizarán a venda dos seus produtos seguindo as recomendacións que se estableceron durante a formación. Para iso, o Concello da Coruña poñerá a disposición de cada cooperativa escolar o transporte para o traslado das persoas participantes e unha caseta destinada á venda, que deberá ser decorada e atendida polos/as membros da cooperativa, no horario de celebración do Mercado Semente.

O lugar e data de celebración do Mercado comunicarase aos centros educativos no mes de xaneiro, pero o Concello poderá dispor a celebración noutra data ou espazo no caso de que as circunstancias meteorolóxicas o aconsellen.

Base sexta: Distincións e premios do Mercado Semente

Participarán nos premios do Mercado Semente todas as cooperativas que expoñan os seus produtos para a venda nas casetas habilitadas polo Concello para a súa celebración.

Outorgaranse tres premios:

- Un dirixido ao centro educativo con máis implicación no proxecto. O premio consistirá nun cheque regalo para material escolar por un importe de 300€.
- Dous para as cooperativas que destaquen entre as participantes no Mercado (recibirán premio todos/as os/as membros da cooperativa), en base á valoración dos seguintes criterios:
 - Decoración da caseta.
 - Publicidade e promoción.
 - Variedade e orixinalidade do produto.



O fallo será emitido segundo a puntuación outorgada por unha Comisión de Valoración da que formarán parte: un/unha docente especialista en cooperativismo, unha persoa experta na elaboración dos produtos e dous representantes do Departamento de Promoción Económica e Comercio do Concello da Coruña.

O procedemento para valorar os criterios será o seguinte: as persoas que forman parte do Comité visitarán todas as casetas do Mercado e realizarán unha valoración das mesmas. Cada membro do Comité poderá outorgar, como máximo, 5 puntos por criterio. Coa suma de todas as puntuacións de cada membro da Comisión obterase un resultado final, que será o definitivo para nomear as dúas cooperativas gañadoras.

O fallo dos premios darase no propio Mercado, o día da súa celebración, momentos antes da clausura. Levantarase acta das valoracións realizadas.

Base sétima: Existencia de crédito

En todo caso, os gastos correspondentes, quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente nas aplicacións orzamentarias do ano 2020.

Base oitava: Aceptación das bases

O feito de participar no Proxecto Semente implica o coñecemento e a aceptación destas bases.

A Coruña, na data de sinatura electrónica que consta no presente documento

O xefe do Departamento de Promoción Económica e Comercio